



Concello
da Estrada



PROTOCOLO BÁSICO DE ACTIVIDADE/COMPETICIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO COTO FERREIRO (3 PISTAS)

1.- OBXECTO.

O Departamento de Deportes do Concello da Estrada crea este protocolo co obxectivo de facilitar a organización da instalación Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro nas suas 3 pistas para a tempada 2021-2022, cando se celebren adestramentos, encontros de carácter oficial ou amigable. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar dita instalación. Será complementado polo PROTOCOLO DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS DO CONCELLO DA ESTRADA e por aquellas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. **Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.**

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar á instalación os deportistas federados dos clubs usuarios. De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas dos clubs cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO Á INSTALACIÓN.

- No caso de que sexa obrigatorio, control de temperatura e listado nominal dos espectadores no momento do acceso á instalación. O Concello da Estrada autorizará a presenza de público, analizando a particularidade de cada un dos partidos ou eventos a celebrar. **Os espectadores sempre deberán de estar sentados.**
- Uso obligatorio da máscara dentro da instalación, ca excepción dos xogadores que participen no encontro e o equipo arbitral, sempre e cando teñan autorización expresa para poder facelo.
- Non estará permitida a presenza de público nos adestramentos dos clubs deportivos.

4.- CIRCULACIÓN E UBICACIÓN DENTRO DA INSTALACIÓN.

- Estará prohibido acceder a zonas delimitadas a aquelas persoas que non se atopen debidamente autorizadas.
- Os aseos estarán operativos en todo momento e co aforo limitado dunha persoa.
- Nas zonas de grada deben de estar marcadas as butacas que se poden ocupar polo público, e a separación debe de ser de 1,5 m entre espectadores.
- Adaptando a instalación as normativas vixentes, o aforamento das distintas pistas do complexo deportivo serán:

- Pavillón Coto Ferreiro (pista 1): aforamento de **270 espectadores**, distribuidos da seguinte forma: fondo; 60 espectadores, fondo marcador; 30 espectadores, lateral banquiños; 76 espectadores e lateral multiusos; 104 espectadores.
 - Pavillón Multiusos (pista 2): aforamento de **160 espectadores**, distribuidos todos eles na grada principal.
 - Pavillón Multiusos (pista 3): **non haberá aforamento** por non haber grada, quedando prohibido acoller público.
- Respectar á sinalización nas zonas de tránsito no momento de desprazarse e de acceder ou abandoar a instalación.

5.- ACCESO ZONA VESTIARIOS.

- Para a disputa dos partidos, estará acotada a zona dos banquiños e dos vestiarios, non podendo acceder ningunha persoa que non se atope debidamente autorizada.
- Poderanse utilizar os vestiarios, tanto nos adestramentos coma nos días de partido. Estará permitido o seu uso, xa sexa para cambiarse e/ou ducharse e tendo que formarse grupos burbulla para respectar as distancias, que utilizarán sempre o mesmo vestiario, e utilizando os deportistas sempre o mesmo sitio, xa que os bancos dos vestiarios estarán marcados con distancia interpersonal. De non ser posible habería que utilizar os vestiarios por quendas, tento en adestramentos coma en partidos.
- Os pasillos dos vestiarios únicamente se poderá acceder a dependencias desas zonas (cadro eléctrico, almacéns, ...) por motivos necesarios.
- É obligatorio evitar ó máximo posible o cruzamento de persoas nos pasillos de vestiarios ante a imposibilidade de ter duas portas.
- Na celebración de partidos, cando se utilicen os vestiarios, farase a sua limpeza e desinfección antes do partido, antes da segunda quenda para cambiarse os xogadores, no descanso e o rematar o encontro.
- No descanso dos partidos non se poderán utilizar os vestiarios.
- Os xogadores suplentes e o corpo técnico dos equipos, deberán de situarse no banquiño ou no lugar habilitado para eles na grada detrás dos banquiños.
- Unha vez finalizado o encontro, o tempo de permanencia de cada deportista no vestiario será de 10 minutos, empezando ca primeira quenda e accedendo un deportista cada vez que outro xa finalizara.

6.- OUTRAS DISPOSICIÓNNS.

- O servizo da cafetería non estará operativo por motivos sanitarios, excepto autorización específica para á actividade.